

## Reunión do 27-04-2021

O 27 de Abril a petición do noso Coordinador Don Luís Patiño, un pequeno grupo da UNED SENIOR de Paderne, e algunha persoa doutro sitio máis, con todas as medidas de protección, reunímonos no Restaurante O Garfo, en Irixoa, e pasamos unha mañá divertida con motivo da presentación dun libro. A autora explicounos detalladamente cada unha das historias redactadas nel.

Trata de vivencias e traballos que se pasaban sobre todo nas aldeas polos anos corenta, cincuenta, sesenta e aínda nos setenta; debía de haber moita máis xente que se adicara a recuperar todas aquelas historias, pois hai xente que se avergoña de nacer e vivir nas aldeas. Eu, na miña humilde opinión, penso que as aldeas foron o principio e o sostento das cidades, os labregos sen estudos nin recursos colleitábamnos para nós e para os das cidades, que por moitos estudos que tiveran sen os campesinos morrerían de fame.

Por iso eu non entendo como as aldeas non están máis valoradas e non teñen máis axudas. Hai que ensinar á xente nova, ós nenos e nenas de onde ven o leite, o queixo, as patacas, a fariña para facer o pan, etc. Todo iso non nace nos supermercados, senón que nace do esforzo da xente das aldeas. Nós non temos que avergoñarnos de nada...pola contra, podemos estar moi orgullosos de que non nos fai falla ningún libro para colleitar para comer e non temos medo a pasar fame.

E por iso dou as grazas e paréceme moi interesante que haxa xente nova presentando este libro e que se recollan as historias da súa aldea e os seus arredores, como cando se alumeaba con gas ou cando se ía á fonte buscar auga coa sella na cabeza.

E grazas tamén ó noso coordinador, porque aínda que sexa en grupiños pequenos, podemos ir véndonos un cachiño das caras, xa que esta maldita pandemia encerrounos nas casas privándonos de liberdade como se fósemos apestados. Temos que dar grazas a Deus por estar vivos, que tanta xente morreu e aínda está a morrer, pois esperamos ter axiña outra xuntanza xa que botamos moito en falla as reunións entre amigos, as charlas e as comidas, todo o bo compañeirismo.

JOSEFINA CALVO SÁNCHEZ